

CONCURSO LETRAS GALEGAS 2019

O EDLG e o Departamento de Galego do IES Julio Prieto Nespereira convocan o concurso

DESEÑO DE ADHESIVOS

Estas son as bases:

1.-PARTICIPANTES: Poderán participar todos os alumnos e alumnas do Centro.

2.-CATEGORÍAS: Establécense tres categorías:

- 1º Ciclo de ESO.
- 2º Ciclo de ESO e FPB.
- Bacharelato.

3.-CARACTERÍSTICAS: Os traballos terán que ser orixinais e inéditos.

- Tema: a lingua galega.
- Formato: Os traballos poderán ser presentados en calquera forma e tamaño sobre papel ou cartolina.
- Cores: Os traballos poderán utilizar calquera cor.
- Texto: Os traballos deben incluír un texto orixinal e inédito que faga referencia ao tema proposto. A técnica será libre.

4.-ENTREGA DOS TRABALLOS: O orixinal de cada traballo, sen asinar e sen datos identificativos, será entregado na Secretaría do Centro, achegando un sobre pechado co lema do traballo escrito na parte exterior. No interior do sobre debe ir unha ficha na que figuren os datos persoais (nome, apelidos e curso), do alumno ou alumna.

5.-PREMIOS: Outorgaranse 2 premios (un primeiro e un segundo) en cada categoría. Os primeiros premios serán editados co nome do autor ou autora e recibirán un diploma acreditativo, ademais de material escolar.

6.-PRAZO DE ENTREGA: ata o día 16 de maio de 2019.

7.-ACEPTACIÓN DAS BASES: A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.

